



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VILARDEVÓS PARA A PAVIMENTACIÓN DAS BEIRARRÚAS DA RÚA EIXIDO E NO NÚCLEO DE BERRANDE EN VILARDEVÓS.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Vilardevós, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2017 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Vilardevós o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Vilardevós, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Pavimentación das beirarrúas na rúa Eixido e no núcleo de Berrande en Vilardevós”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Vilardevós (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na **“Pavimentación das beirarrúas na rúa Eixido e no núcleo de Berrande en Vilardevós”**.





O estado actual da rúa Eixido presenta un pavimento formado por unha soleira de formigón, sobre a que distinguen: no medio o trazado da rede de saneamento público, formando unha franxa cuberta dun formigón máis novo, e aos lados desta formigón de maior antigüidade. A superficie total sobre a que se proxecta actuar é de aproximadamente 375 m².

Na entrada ao núcleo de Berrande, polo vial que o une co de Trave, encontrase á esquerda unha beirarrúa delimitada por un bordo de formigón contra o pavimento de asfalto da calzada. Esta beirarrúa está formada por un pavimento de catro baldosas de formigón cor gris e vermello combinadas, de formato cadrado de 30 x 30 cm., de tal modo que se crea unha franxa de 120 cm. de baldosas máis 12 cm. de bordo, o que alcanza un total de 132 cm. de ancho.

Ao longo do trazado do área peonil, preséntase un ancho pavimentado variable. Isto débese a que o límite interior da beirarrúa, está delimitado polos lindeiros artificiais e naturais tales como peches consolidados (de fábrica de sillería de granito na súa maior parte de parcelas edificadas) taludes e terrapléns naturais (de escasa diferenza de cota) nos que se materializan os límites das parcelas privadas destinadas a un aproveitamento de carácter agropecuario (prados, plantacións de castiñeiros, hortas, ect.). Estas incidencias soluciónanse mediante o vertido dunha soleira de formigón fratasado que cubra a superficie existente dende o límite interior pavimentado coas plaquetas de formigón e os lindeiros existentes.

De forma intercalada preséntase unha pavimentación alternativa no acceso ás parcelas edificadas, formada unicamente por unha soleira de formigón rematada polo bordo rebaixado en todo o tramo da pechadura.

As obras a executar concéntranse fundamentalmente no lado dereito, onde existe un bordo que comeza aproximadamente 60 metros máis adiante que a beirarrúa ao lado oposto que define o trazado da beirarrúa ao longo de 266,5 metros sen pavimentar.

Os únicos tramos pavimentados son os que progresan paralelos aos peches consolidados das parcelas edificadas, os cales presentan un pavimento de formigón fratasado delimitado por un bordo rebaixado a unha altura de aproximadamente 5 cm. sobre a cota da calzada.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017. María Encarnación Rivas Diaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

